

En Santiago de Compostela, a _____ de _____ de 200 __, reunidos:

Dunha parte, D/Dña. _____ con DNI _____ e teléfono _____

enderezo en _____

Interesado/a en adoptar ao animal indicado neste contrato, en adiante denominado como **ADOPTANTE**, e doutra parte **A FUNDACIÓN REFUXIO DE ANIMAIS** con NIF G 70030762 actual **PROPIETARIA** del animal a adoptar.

PRIMEIRO: Que o/a **ADOPTANTE** desexa adoptar a _____ rexistrado na FUNDACIÓN REFUXIO DE ANIMAIS baixo o nome de _____ con número de ingreso _____ e con número de microchip _____ inscrito no Rexistro Oficial de Animais de Compañía da Comunidade Autónoma Galega, adquirindo para co mesmo as obrigacións descritas máis abaixo no apartado "Estipulacións"

SEGUNDO: Que a FUNDACIÓN REFUXIO DE ANIMAIS está interesada en entregar en adopción ao citado animal.

ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA: Pola sinatura do presente documento, o **ADOPTANTE comprométese** ao cumprimento da actual lexislación de PROTECCIÓN DE ANIMAIS DOMÉSTICOS E SALVAXES EN CAUTIVIDADE DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA (Lei 1/1993 do 13 de abril, D.O.G. nº 75 do 22 de abril de 1993), debendo proporcionar ao animal unha alimentación axeitada, auga fresca e unha vida digna, os tratamentos veterinarios precisos, así como todos os cuidados necesarios de conformidade co establecido na lexislación vixente. **Expresamente se prohíbe ao ADOPTANTE** someter ao animal adoptado a vexacións ou maos tratos, isto inclúe a prohibición de telo atado durante todo o día ou gran parte deste, cortes estéticos de rabo ou orellas, utilízalo para a cría, así como abandonalo, vendelo, cedelo ou regalalo xa que, **no caso de non poder atendelo**, o ADOPTANTE comprométese a devolver a propiedade do animal á FUNDACIÓN REFUXIO DE ANIMAIS que ostenta a reserva de dominio sobre o mesmo abonando os prezos establecidos pola FUNDACIÓN REFUXIO DE ANIMAIS para o ingreso de animais no centro.

Asemade, o **ADOPTANTE acepta a esterilización do animal**, se non o estivese xa. No caso de facelo por conta propia, só será se o acepta a FUNDACIÓN REFUXIO DE ANIMAIS, presentando un certificado veterinario de dita esterilización á FUNDACIÓN REFUXIO DE ANIMAIS, nun prazo non superior a 15 días tras dita intervención, que se realizará sempre baixo control veterinario.

SEGUNDA: Se, a pesar de todo, a femia quedara xestante, o dono está obrigado a notificalo á FUNDACIÓN REFUXIO DE ANIMAIS para tomar as medidas oportunas, tendo obriga de traela para a súa esterilización antes do parto. Se non se fixera deste xeito o ADOPTANTE comprométese a devolver a propiedade do animal á FUNDACIÓN REFUXIO DE ANIMAIS que ostenta a reserva de dominio sobre o mesmo.

TERCEIRA: Procederase á **implantación do chip de identificación** obrigado por Lei a partir dos tres meses de idade, que se realizará na FUNDACIÓN REFUXIO DE ANIMAIS. No caso de non ser así, por acordo coa FUNDACIÓN REFUXIO DE ANIMAIS, correrá por conta do adoptante tendo que comunicalo nun prazo non superior a quince días.

O **ADOPTANTE** porá en coñecemento da FUNDACIÓN REFUXIO DE ANIMAIS o falecemento do animal e as súas causas.

O **ADOPTANTE** porá en coñecemento da FUNDACIÓN REFUXIO DE ANIMAIS a súa posible perda ou extravío no momento de suceder para dar parte á base de datos do Rexistro Galego de Animais de Compañía de Galicia.

No caso de que o **ADOPTANTE** cambiase de enderezo ou teléfono, informará á FUNDACIÓN REFUXIO DE ANIMAIS dos novos datos nun prazo non superior aos quince días do cambio.

CUARTA: O **ADOPTANTE** comprométese expresamente a permitir á FUNDACIÓN REFUXIO DE ANIMAIS ou a calquera persoa debidamente identificada e autorizada por esta, a efectuar as inspeccións oculares do lugar no que se atopa o animal adoptado e as súas condición de vida en calquera momento.

QUINTA: O incumprimento de calquera das obrigas reflectidas neste contrato faculta á FUNDACIÓN REFUXIO DE ANIMAIS para exercitar a reser va de dominio que ostenta sobre o animal obxecto de adopción ou para requisale temporalmente mestres se comproba o cumprimento ou non das obrigas asumidas polo ADOPTANTE, todo iso sen trámite adicional de ningún tipo.

SEXTA: No caso de que alguén no poida adoptar ao animal por non ter éste pasados os prazos que especifica a Lei para que o seu dono poida reclamálo (20 días para os animais non identificados con microchip e 10 días para os que sí o están), poden acoller na súa casa ao animal sempre que o autorice a FUNDACIÓN REFUXIO DE ANIMAIS comprometéndose o suposto futuro adoptante que, ate que poida formalizar a adopción, considérase **fogar de acollida**, comprometéndose a dar os seus datos persoais á FUNDACIÓN REFUXIO DE ANIMAIS así como a traer ao animal ao centro no caso de que o teña que identificar o dono e devolvelo á FUNDACIÓN REFUXIO DE ANIMAIS no caso de que aparecese o seu dono, así como a comunicalo e traelo inmediatamente á FUNDACIÓN REFUXIO DE ANIMAIS se enfermase ou morrese. Comprométese dito futuro ADOPTANTE, pasado dito tempo, a formalizar inmediatamente a adopción, so así podéndose facer cargo do animal.

SETIMA: O **ADOPTANTE** terá que abonar os prezos vixentes segundo se aprobaron polo Padroado da FUNDACIÓN REFUXIO DE ANIMAIS.

OITAVA: Así o din e outorgan as partes intervintes, comprometéndose ao máis estricto cumprimento do presente contrato sobre as cláusulas precedentes, declarando que o presente contrato ten forza de obrigar.

E en proba de conformidade asinan por duplicado a un só efecto no lugar e data referidos no encabezamento:

Nome e sinatura do ADOPTANTE

Nome e sinatura do representante da FUNDACIÓN REFUXIO DE ANIMAIS

Asdo. _____
DNI. _____

Asdo. _____
NIF. _____

Comprometémonos ao cumprimento da nosa obriga de segredo dos datos de carácter persoal e do deber de tratalos con confidencialidade e asumimos as medidas necesarias para evitar a súa alteración, perda, tratamento ou acceso non autorizado, dacordo c o establecido na Lei Orgánica 15/1999 de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, e demais lexislación aplicábel. Dacordo coa normativa vixente en materia de protección de datos, o usuario acepta que os datos persoais aportados a través deste contrato sexan incorporados aos nosos arquivos, coa finalidade dunha prestación de servizos máis axeitada, para fins internos e para mantelo informado. O usuario presta o seu consentimento para o envío de información publicitaria.